

XORNADAS Os músicos galegos José Fernández Vide e Jesús Bal y Gay deixaron pegada en Cuba e México

O talento exterior dos emigrados

A influencia de Bal y Gay foi fundamental na Habana, tanto que se converteu en auténtica vangarda

maré · Santiago

No marco das xornadas organizadas pola Universidade de Santiago con motivo da Semana da Ciencia en Galicia, o catedrático de Historia da Música, Carlos Villanueva Abeiras impartiu onte unha conferencia sobre 'Música e emigración' na que destacou a pegada deixada polos músicos galegos Jesús Bal y Gay e José Fernández Vide en México, Cuba e Arxentina.

O profesor analizou este particular tándem e puxo de manifesto que "o mundo da arte, e da música en particular, está afastado da análise e valoración do relato global da emigración". O experto analizou vertentes de investigación necesarias para Galicia como sociedades corais, ideoloxía e, en particular, compositores destacados a un e outro lado do Atlántico.

O profesor Villanueva tratou de reconstruír, a través dos seus estudos, o discurso musical galego, en particular a súa relación coa emigración. Nesta liña, as súas investigacións céntranse en coñecer como se integrou e como influíu noutros países a chegada de músicos galegos emigrados ou exiliados tras a Guerra Civil.

O catedrático presentou o músico galego José Fernández Vide como un dos exemplos de músicos emigrados a América e que, segundo manifestou, "exerceu unha grande influencia no exterior, sobre todo nas sociedades corais e centros galegos situados en Cuba". Explicou que os músicos emigraban para traballar como músicos e deixaron a súa pegada, en especial en Cuba e Arxentina. "A súa presenza nestes países foi enormemente importante. Intégranse levando o ideario de Galicia á exterior, facendo as súas composicións e rememorando á comunidade galega presente nestes países a música da súa terra", declarou o profesor.

Por outro lado, Jesús Bal y Gay foise exiliado a México, onde tivo unha gran repercusión como com-

positor e divulgador da música que neses momentos se facía en Galicia. Cando o artista chegou ó país mexicano, encontrouse con que a música non estaba moi evolucionada, de maneira que a súa influencia foi fundamental, tanto que se converte en vangarda. Ofrece novos estilos de composición e chega máis ós ámbitos cultos que ós populares, mediante o emprego de técnicas avanzadas para a época.

Cando ambos os dous autores regresan a Galicia a súa evolución é moi diferente. O emigrado Fernández Vide segue cun discurso galeguista, mentres que o exiliado Bal y Gay, do que está a punto de se celebrar o centenario do seu nacemento, "desaparece" porque en Galicia xa non se facían o tipo de composicións que el realizaba no exterior.

O profesor sinalou que, desde o punto de vista da investigación, a música comeza a estar presente nos discursos históricos a partir do século XIX, como elemento ornamental e cada vez máis como peza fundamental. Indicou que a música propia de Galicia ten un gran contido nas obras de poetas galegos como Brañas ou Murguía. ●



Rosa García Ascot e Jesús Bal y Gay, o músico galego emigrado a México

DATOS

Reconstruír a memoria histórica

Durante a súa conferencia o profesor Carlos Villanueva puxo de manifesto que na actualidade se está a tentar, desde hai algúns anos, reconstruír a memoria histórica dos músicos galegos que destacaron fóra de Galicia.

Segundo as súas palabras, "a música sempre se considerou co-

mo un elemento á parte e, porén, xogou un papel importantísimo na sociedade galega e tamén nas comunidades emigradas".

Esta conferencia enmárcase dentro das actividades que preparou o Departamento de Historia da Arte para celebrar a Semana da Ciencia.

DIVULGACIÓN ■ Xurxo Mariño recompila os artigos que publicou en 'culturagalega.org' no libro 'Os dados do reloxeiro' con debuxos do 'Carabouxo'

Entender a ciencia a través do humor en 2.000 exemplares

"Ti imaxinas o que son 3,3 millóns de anos/luz? Pois mira, se 2 meses/luz son 100 euros..." A ciencia non ten por que ser aburrida. Ésa parece ser a premisa para o profesor e investigador Xurxo Mariño que onte presentou o libro que recolle os artigos publicados quincenalmente por este doutor en Bioloxía no portal *culturagalega.org*, ilustrado con moito humor e ironía polo debuxante Xosé Lois González, o *Carabouxo*.

En *Os dados do reloxeiro: ciencia amena para mentes inquietas*, Mariño percorre o mundo físico e biolóxico gobernado polo azar dos dados dun reloxeiro chamado "evolución". Con clara vocación divulgativa, o director xeral I+D+i, Salustiano Mato de la Iglesia, presente onte no acto, decidiu colaborar co CCG para editar 2.000 exemplares que se repartirán nos cen-

tros de secundaria. O coordinador da Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade do CCG, Francisco Díaz-Fierros, apoiou o libro xa que, ó seu ver, "en España facemos unha divulgación científica demasiado seria". Da mesma opinión se amosou Mariño para quen o panorama da transmisión científica é "totalmente desolador". "A ciencia tamén é cultura e non hai cultura sen ciencia",

DATOS

Do creacionismo á "maxia" escolar

Xurxo Mariño referiuse á imposición do creacionismo en EEUU fronte á teoría da evolución biolóxica e á manifestación pola educación da "maxia" nas escolas, como exemplos de retroceso crítico.

apuntou o investigador para quen escribir este tipo de artigos serve para "o coñecemento da estrutura do mundo, tan necesario para a formación cultural como o resto das letras", engadiu.

Unha preocupación compartida polo director xeral de I+D+i, Salustiano Mato de la Iglesia, quen destacou a importancia de "empregar a diversidade de formatos dispoñibles e atopar o xeito máis fácil e áxil de chegar a todos os públicos para facer unha sociedade con máis cultura científica e tecnolóxica". Unha liña de traballo na que se insire a publicación desta obra, da que salienta o seu carácter pioneiro e o seu humor e ironía.

A presentación da obra enmárcase nas actividades de celebración da Semana da Ciencia, da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. ● MARÉ



Pola esquerda, Xosé Lois, Salustiano Mato, Díaz-Fierros e Mariño